

## **NOTA DE PRENSA**

### **A Asociación Área Empresarial do Tambre aplaude a aprobación do asfaltado en varios viais do polígono por parte do Concello**

**A entidade require de continuo ao Goberno municipal que execute este tipo de intervencións para a conservación “en bo estado” dos viais da área empresarial**

**A decisión foi acadada na Xunta de Goberno Local do pasado 21 de febreiro**

---

*Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2022 (Vía Láctea Comunicación).*- A Asociación Área Empresarial do Tambre (AAET) celebra a recente aprobación dun proxecto de mellora do asfaltado en varios viais do polígono industrial por parte do Concello de Santiago, decisión acadada o pasado 21 de febreiro en Xunta do Goberno Local.

O seu presidente, José Fernández Alborés, asegura que estas son actuacións requiridas desde a Asociación ao Concello para a conservación “en bo estado” dos viais da área empresarial. “Mantemos contacto continuo cos responsables municipais para instar a que se aproveiten as axudas que ofrece a Consellería de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia para este tipo de intervencións, a través das cales o pasado ano xa se realizou o asfaltado da vía Edison, desde a entrada á confluencia con vía Ptolomeo” – explica–.

As actuacións previstas para neste 2022 consisten na mellora vial, realizándose o saneo do firme nas zonas máis deterioradas e pintando para proceder ao fin da actuación. A Asociación agarda que as obras previstas se executen de cara ao verán.

*NOTA.- Inclúe fotografías das obras de asfaltado no polígono en 2021*